

APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correo do Vento

MARÍA ANTONIA DANS

(Oza dos Ríos 1922 – Madrid 1988)

Foi unha artista galega.
Formouse na Escola de Artes
e Oficios da Coruña e completou
os seus estudos no Círculo de Belas
Artes de Madrid e na Escola de Belas
Artes de San Fernando.

A partir dos anos 50 fixou a súa residencia en Madrid e comezou a expoñer as súas primeiras obras, primeiro na Coruña e logo na capital española. Máis adiante, recibiría o premio da Fundación March e obtería bolsas de viaxe do Ministerio de Asuntos Exteriores e Educación Nacional, o que lle permitiu viaxar e dar a coñecer a súa obra. Asemade tamén recibiría diversas distincións e premios de concellos e deputacións en Córdoba, Badaxoz ou Alacant, e mesmo sería invitada a unha exposición colectiva en París onde lle concederon a medalla da cidade no Museo de Arte Contemporánea.

No ano 2023 é homenaxeada co Día da Ilustración.

Sabías que...
María Antonia Dans
é a segunda muller
homenaxeada co
Día da Ilustración?

MULLERES GALEGAS

investiga

Se observamos os manuais de pintura, igual que sucede noutros eidos, a presenza de artistas mulleres é máis ben escasa ou inexistente. A que cres que se debe isto?

Reflexiona e redacta a túa opinión ao respecto.

INVESTIGA e realiza o seguinte **reto artístico** e busca exemplos de artistas mulleres seguindo as indicacións:

- Unha artista da túa contorna
- Unha artista que fixese cerámica
- Unha escultora galega
- Unha artista actual que realice murais
- Unha artista de orixe africana
- Unha fotógrafa estadounidense
- Unha artista de estilo cubista
- Unha artista de orixe colombiana
- Unha pintora que teña obra no Centro Pompidou de París
- Unha pintora de orixe xaponesa

Colorea a María Antonia
Dans en pleno traballo.
Emprega as cores
que queiras e engade
os elementos
que che apeteza.

MULLERES GALEGAS

colorea



Sabías que a pintura de María Antonia Dans recorda moito ao bordado popular onde as cores van tecendo as formas e compoñendo unha soa imaxe?

MULLERES GALEGAS

artes

Así acontece tamén no *patchwork*, onde a partir de retallos de diferentes tecidos se fai unha colcha de gran tamaño.

Investiga máis sobre esta técnica e a partir dos seguintes termos e autoras afonda na obra de María Dans dende dous planos:

1. O noso xeito de percibir o mundo visualmente:

Anna Bosch, tesela, píxel, mosaico, puntillismo, pareidolia.

2. A integración e influencia das diferentes artes:

Sonia Delaunay, *patchwork*, colaxe, *papier collé*, *trencadís*.



Sabías que A pintura de
María Antonia Dans
pertence
ao movemento
do neoexpresionismo
con tendencia naif?

MULLERES GALEGAS expresionismo

O neoexpresionismo é un movemento que xurdiu en Alemaña nos anos sesenta do século XX, e como ben indica o prefixo neo- supón unha renovación do expresionismo alemán anterior. As súas características destacan polas pinceladas con trazos moi libres e aplicadas con forza sobre os lenzos e tamén polo emprego de amplas gamas de cor.

En canto ás formas, estas poden ser abstractas (ausencia de figuras, manchas empregando técnicas como salpicar ou pingar pintura), figuras (como no caso de María Antonia Dans, as paisaxes, e labores do campo) ou mesturas de ambas.

Investiga as seguintes pintoras. Fíxate en tres cousas: na forma da pincelada, no emprego das cores e nos temas e figuras representadas. Logo compara a súa obra coa de María Antonia Dans e redacta as cousas en común e diferenzas que atopaches.

Artemisa Gentileschi - Paula Modersohn-Becker
Zofia Stryjeska - Lita Cabellut - Georgia O'Keeffe
Marlene Dumas - Tamara de Lempicka



Comproba
as túas
actividades

MULLERES GALEGAS soluciona

artes

- Unha artista da túa contorna (María Antonia Dans na Coruña, Mercedes Ruibal en Pontevedra, Julia Minguillón en Lugo ou Ana Legido en Ourense)
- Unha artista que fixese cerámica (Elena Colmeiro)
- Unha escultora galega (Soledad Penalta)
- Unha artista actual que realice murais (Lula Goce)
- Unha artista de orixe africana (Karabo Poppy Moletsane)
- Unha fotógrafa estadounidense (Ruth Matilda Anderson)
- Unha artista de estilo cubista (María Blanchard)
- Unha artista de orixe colombiana (Ana Mercedes Hoyos)
- Unha pintora que teña obra no Centro Pompidou de París (Maruja Mallo)
- Unha pintora de orixe xaponesa (Uemura Shoen)

Estes son só uns exemplos,
podes engadir máis
e propoñer ti novos retos
de busca.

